



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARRAL

*Aprobación das bases da convocatoria “Volve Carral no Nadal” para fomentar a actividade turística no Concello de Carral*

#### ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2024/A002/000006

#### BASES DA CONVOCATORIA “VOLVE A CARRAL NO NADAL” PARA FOMENTAR A ACTIVIDADE TURÍSTICA NO CONCELLO DE CARRAL

##### 1.OBXECTO

O Concello de Carral co fin de promocionar e promover o turismo no concello de Carral, dando a coñecer o seu patrimonio cultural e natural, as súas tradicións e a súa oferta turística e comercial, convoca un ano máis a campaña turística “*Volve a Carral no Nadal*”.

O obxectivo de *Volve a Carral no nadal* é darlle pulo ao turismo municipal a través dunha campaña que premia o consumo nos distintos establecementos municipais co fin de percorrer todo o municipio. Con esta campaña turística preténdese fomentar o turismo, animar ao público en xeral a que visite os diferentes lugares de interese cultural do municipio, e premialos por esa viaxe cando decidan parar nos distintos establecementos do municipio.

##### 2. FINALIDADE

A finalidade deste concurso é promocionar a actividade turística no concello de Carral ofrecéndolle á poboación, autóctona e foránea, posibilidades de interacción social á vez que se dinamizan as actividades que se desenvolven no municipio.

##### 3.DESTINATARIOS

Este concurso está destinado a todos os establecementos que desenvolvan calquera tipo de actividade e desexen participar nesta campaña turística así como a todos os turistas que consuman nos diferentes establecementos e que terán a posibilidade de optar a un premio directo a través dos rascas proporcionados polos establecementos por unha contía mínima dependendo da actividade.

Os establecementos do ámbito municipal de Carral que desexen participar deberán aceptar estas bases e inscribirse para participar nesta campaña turística.

##### 4. INSCRICIÓNS E PRAZO

Calquera establecemento (actividade) que desexe participar nesta campaña deberá facelo constar a través dunha folla de inscrición (Anexo I). A súa publicación farase no BOP e será remitido un extracto destas bases á base de datos nacional de subvencións (BDNS) para a súa publicación. Unha vez a BDNS publique o extracto das bases no BOP comezará a computar o prazo de CINCO días hábiles para que todos os establecementos interesados en participar presenten a inscrición no rexistro municipal do Concello. As presentes bases tamén se publicarán na web do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carral así como todas as publicacións posteriores á publicación do extracto das bases no BOP.

A inscrición será totalmente gratuíta e debe presentarse no rexistro municipal do Concello en horario de 9 a 14 horas.

A campaña desenvolverase dende o 12 de decembro de 2024 ata o 12 de xaneiro de 2025. Os establecementos que se inscriban obríganse a manter a súa participación durante todos os días que dure esta campaña turística, agás os días de peche oficiais das actividades, que será debidamente xustificada na inscrición.

##### 5. REQUISITOS E CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS

Os establecementos que desexen participar neste campaña obríganse a:

Colocar nun lugar visible dende o exterior do establecemento un obxeto proporcionado polo propio Concello. Este obxeto será o distintivo de participación de cada establecemento.

Proporcionar a todo o público que consuma un importe mínimo, importe que dependerá do tipo de actividade de cada establecemento e que vén determinado no punto 10 destas bases, un rasca co que pode optar a un premio directo.

Promocionar un só rasca numerado por consumición/compra/pago.

O incumprimento dalgunha destes requisitos aquí recollidos é motivo de expulsión da campaña.

## 6. REQUISITOS E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN DO PÚBLICO

Para participar nesta campaña de turismo é requisito :

Ter visitado calquera parroquia do concello de Carral, o cal queda acreditado coa presenza no establecemento correspondente e co tiket de consumo.

Consumir o mínimo establecido para cada actividade.

Conservar en boas condicións o rasca numerado premiado e trocalo dentro do prazo establecido ao efecto.

## 7. DATAS DA CAMPAÑA TURÍSTICA E ENTREGA DE PREMIOS

A campaña levarase a cabo dende o 12 de decembro de 2024 ata o 12 de xaneiro de 2025.

Os rascas premiados deberán presentarse no rexistro do Concello antes das 14 horas do 30 de xaneiro de 2025.

Este rasca deberá presentarse acompañado do Anexo II asinado polo/a afortunado/a , de copia de documento que identifique a súa identidade (DNI ou NIE) e tamén que acredite a maioría de idade do/a gañador/a, requisito necesario para trocar o rasca e tiket de compra. O importe do rasca premiado poderá ser entregado, ata o 15 de febreiro, a través de cheque nominativo á persoa portadora do rasca premiado e cos descontos oficiais oportunos.

Os rascas entregados fóra de prazo e deteriorados non serán aceptados.

No caso de que non aparezan os rascas premiados antes da data límite establecida nestas bases (ás 14 horas do 30 de xaneiro de 2025), o diñeiro dos premios permanecerá nas arcas municipais e será destinado a calquera outro fin público.

## 8. ENTREGA DE RASCAS

Anteriormente ao inicio da campaña, persoal do Concello de Carral entregará a cada establecemento que desexe participar nesta campaña turística un número determinado de rascas numerados. O número de rascas entregados a cada establecemento será proporcional ao volume de actividade de cada un deles. Constará informe do persoal de dito reparto o cal se validará coa sinatura do/a concelleiro/a competente. Non se emitirán nin entregarán máis rascas que os 25.000 rascas emitidos ao efecto e que se esgotarán entregándollos aos establecementos antes do inicio da campaña.

## 9. PREMIOS

Esta campaña turística repartirá en premios dous mil euros (2.000€), premios que se repartirán en doce premios polos importes seguintes e que estarán camuflados nos rascas repartidos:

- dous premios de trescentos (300) euros.
- catro premios de douscentos (200) euros.
- seis premios de cen (100) euros.

## 10. CLASIFICACIÓN DAS DIFERENTES ACTIVIDADES E IMPORTES MÍNIMOS

Establécense os seguintes importes mínimos de consumo segundo os grupos de actividades que a seguir se relacionan. Para poder optar a un rasca deberase facer un gasto polo importe mínimo que se relaciona con cada actividade:

- **ESTÉTICA** (salóns de peiteado, clínicas de imaxe, tatuaxe,). Importe mínimo **20€**.
- **ALIMENTACIÓN** (tendas de peixe, carne, pan, pasteis, froitas e verduras, lambetadas (gominolas), pequenas tendas de alimentación). Importe mínimo **5€**.
- **XESTORÍAS E CORRADURÍAS** (negocios de seguros e xestión). Importe mínimo **20€**.
- **ROUPA E CALZADO** (tendas de venta de roupa e calzado). Importe mínimo **20€**.
- **VIVEIROS E FLORERÍAS** (tendas de venta de flores, cereais, plantas, sementes). Importe mínimo **20€**.
- **OCIO INFANTIL** (actividades destinadas ao entretemento infantil). Importe mínimo **20€**.
- **BAZARES E MERCERÍAS** (tendas de venta de todo tipo de obxectos e mercerías). Importe mínimo **5€**.
- **GRANDES SUPERFICIES** (supermercados). Importe mínimo **20€**.
- **MEDICINA** (clínicas dentais, de fisioterapia, podoloxía, óptica). Importe mínimo **20€**.
- **VETERINARIA** (clínicas de coidado de animais). Importe mínimo **20€**.
- **FARMACIAS**. Importe mínimo **5€**.
- **HOSTALARÍA** (cafés, bares, restaurantes, pubs). Importe mínimo **5€**.
- **GASOLINEIRAS**. Importe mínimo **20€**.

- **MOBLARÍAS.** Importe mínimo 20€.
- **FERRAXARÍAS.** Importe mínimo 20€.
- **TALLERES DE AUTOMÓBILES** (talleres de venta e reparación de automóviles). Importe mínimo 20€.

## 11.PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

### Responsable do Tratamento

Concello de Carral  
CIF P1502100I  
Campo da Feira, nº 1  
Tfno.: 981670002  
DPO: dpo@carral.es

### Finalidade e lexitimación

Tramita-la participación no sorteo dos comerciantes e, se é o caso, proceder á entrega dos premios coas retencións fiscais que resultasen procedentes.

O tratamento é lexitimado polo consentimento do interesado.

### Datos tratados

Identificativos: Apelidos e nome, DNI e teléfono.

**Destinatarios:** Non se ceden os datos.

**Transferencias internacionais:** Non se prevén.

### Prazo de conservación

Unha vez rematada as campañas conservaranse unicamente os datos relativos á identificación das persoas premiadas durante os prazos legais previstos na lexislación tributaria.

### Información Adicional e Exercicio de Dereitos

Os interesados poderán consultar a información adicional en materia de protección de datos nas oficinas municipais (Rexistro Xeral), ou na páxina web municipal <https://www.carral.es/>

Así mesmo, poderase dirixir ao correo dpo@carral.es para o exercicio dos seus dereitos. Ou directamente na Axencia de Protección de datos ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).

## 12.LEXISLACIÓN APLICABLE

A presente campaña rexerese con carácter xeral polo disposto na seguinte lexislación:

- Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais.
- Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das Leis dos impostos sobre Sociedades, sobre a renda dos no Residentes e sobre o Patrimonio.
- Real Decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)
- Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado
- Orde HAO /419/2014, pola que se regula a estrutura dos presupostos das Entidades Locais

**13. MÁIS INFORMACIÓN.**

Podes obter máis información nas oficinas do Concello de Carral ou no edificio social Toñito Espiñeira, no teléfono 981613520 e no correo electrónico natalia.patino@carral.es ou no aedl@carral.es

**\*ANEXOS A DISPOSICIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE CARRAL**

Concello de Carral, 21 de novembro de 2024

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/8359